

# Dossier do I Mushing de Cuntis

**Denominación da proba:** Liga Galega de Mushing “ Mushing de Cuntis”

**Persoa e organización encargada da xestión do proxecto:** Estará organizado polo Club Kennel DEN .Como responsable desta organización estará a Presidenta do Club Kennel DEN, Mónica Touriño Ferreirós, con domicilio en Avda Muiños de Vento, 16 A de Catoira (36612) Pontevedra, tfno: 626274406, mail: [kennelden@gmail.com](mailto:kennelden@gmail.com)

**Situación e localización do circuito:** O circuíto transcorre polo concello de Cuntis, con saída e meta na zona proxima ao Casal, en Cuntis.

**Descrición do circuíto:** O circuíto transcorre na súa totalidade por camiños anchos de terra e herba, e na súa maioría entre piñeiros ou carballos, sendo unha zona fresca e cun bo firme tanto para corredores como para os cans. Existe a posibilidade de realizar circuítos de 5,67 quilómetros, 4,94 quilómetros, 2,54 quilómetros e 1,67 quilómetros dependendo da temperatura do día da carreira, inda que polas características habituais das datas da carreira, supoñemos que o máis probable sexa o circuíto de 5,67 quilómetros.

**Sinalización do circuíto:** A sinalización do percorrido indícarase de acordo a norma internacional de mushing, con estacas de madeira de aproximadamente 1m de alto, cravadas nos laterais dos camiños, da maneira seguinte:

- 1.- XIRO Á DEREITA con un panel circular vermello no lado dereito da pista.
- 2.- XIRO Á ESQUERDA con un panel circular vermello no lado esquerdo da pista.
- 3.- AVANCE RECTO con uno ou dous paneis cadrados azuis, a cada lado da pista.
- 4.- PERIGO con un panel triangular amarelo, se a zona é moi complicada colocaranse 2 triángulos amarelos. As estacas colocaranse xusto antes da proba e retiraranse ao terminar a mesma.

**Seguro de responsabilidade civil:** A proba conta cunha póliza de responsabilidade civil que cubre toda a competición. - Categorias de competición: As categorías previstas son as oficiais da RFEDI: DCM, DCMV, DCW, DCWV, DCMJ DCWJ, DCI, DBM, DBMV, DBW, DBWV, DS1,DS1J, DS1I, DS2 (DS1/2 se é necesario), DR4 . Inda que é moi posible que algunha delas non acaden os mínimos para abrir categoría. .

**Vacinas e Relacións de cans:** Todos os cans participantes deberán ter postas as vacinas obrigatorias, incluída a tos das canceiras e a desparasitación interna, en tempo e forma, como se indica na normativa da FGDI e na RFEDI. Todos os cans participantes deberán aparecer na relación de cans con licenza FGDI.

**Datas e horarios da celebración da proba:** A proba realizarase o domingo 8 de marzo de 2026, co seguinte horario: 07:30 a 09:00 Recollida de documentación, entrega de dorsais e Control Veterinario 09:15 Reunion informativa 09:30 Canicross 10:30 Bikejoring 11:30 Patín 12:00 Carros 12:30 Avituallamiento 13:00 Publicación de resultados e entrega de premios

**Inscripcións:** As inscricións realizaranse a través da páxina da empresa Galitiming. Importe da inscrición: 20€ a ingresar a través da pasarela de pago de Galitiming. Data límite de pago: domingo 01/3/2026. As categorías infantís son gratuítas. •

**Comité de Honra:** o Presidente: Alcalde de Cuntis o Membros: Concelleiro de Deportes do Concello de Cuntis

**Comité de Organización:**

Director de Organización: Mónica Touriño

Director Deportivo: Brais Castromán  
Marcaxe de Circuito: Kiko Martínez  
Xefe de Pista: Gabriel Castromán  
Xefe de Controis: Xuíz FGDI  
Xefe de Accesos: Xefe de Protección Civil de Cuntis  
Xuíz FGDI: A Designar  
Control Veterinario: A designar  
Cronometraxe: Galitiming

### **Medios humanos:**

Xefe de Pista: Gabriel Castromán  
Cronometraxe: Galitiming.  
Xefe de personal da zona de carreira: Kiko Martínez.  
Responsable de Stake Out e Parking: Kiko Martínez  
Controles de Pista: Designados polo Club organizador, coordinados por Brais Castromán.  
Controles de persoal da área de carreira, vixilantes de tráfico e delegados de seguridade:  
Designados polo Concello de Cuntis  
Equipo Veterinario: A designar  
Ambulancia: Protección Civil de Cuntis  
Xefe de Secretaría: Mónica Touriño.  
Identificacións: Todo o persoal da proba estará debidamente identificado de forma clara e visible.

### **Medios materiais:**

Contarase con megafonía e sinalización da zona de carreira e das diferentes zonas de servizos.  
Procurarase contar con un vehículo tipo quad por se é necesario asistir a algún participante no trascurso do circuito.

### **Descrición do Lugar de Enfermería e Área Veterinaria**

Para garantir a asistencia inmediata e o benestar dos cans participantes, o evento contará cunha **Área de Control Veterinario e Primeiros Auxilios**, situada nunha zona de fácil acceso, protexida das inclemencias climáticas e afastada do ruído principal da saída/meta para reducir o estrés animal.

### **Espazo de Enfermería Veterinaria**

- **Localización:** Carpa sanitaria ou local físico debidamente sinalizado xunto á zona de *stake-out*.
- **Condicións:** Solo firme e de fácil limpeza, zona de sombra e acceso directo a auga potable.
- **Mesa de Exploración:** Superficie estable para a revisión dos animais por parte do equipo veterinario oficial da proba.
- **Xestión de Residuos:** Contedor específico para residuos biosanitarios se fose necesario (agullas, material de cura usado).

### **Caixa de Primeiros Auxilios (Botiquín Veterinario)**


O evento disporá dunha caixa de urxencias equipada especificamente para patoloxías comúns no mushing (feridas en almofadas, golpes de calor, traumatismos):

- **Material de Cura:** Gasas estériles, vendas cohesivas, esparadrapo, algodón e tesoiras de punta romba.


- **Desinfectantes:** Povidona iodada, auga oxigenada, soro fisiolóxico en doses individuais para lavado ocular ou de feridas.
- **Equipamento de Diagnóstico/Intervención:** Termómetro dixital (para control de hipertermia), fonendoscopio, lanterna de exploración e luvas de nitrilo.
- **Sustancias de Urgencia:** Pomadas cicatrizantes, sprays de frío instantáneo, packs de xel térmico e electrólitos para rehidratación rápida.
- **Transporte de Emerxencia:** Camilla de lona ou manta de transporte para o traslado de animais feridos desde o circuito ata a zona de enfermería.

## Planos e fotografías:


### Circuito de 1,67 km




### Circuito de 4,94



**Circuito de 2,54**



**Circuito de 5,67**



**En Catoira, a 5 de febreiro de 2026**

**Mónica Touriño Ferreirós**